



Ref.-Sxcp/mrrb

SECCIÓN: CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA. ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	DATA ENTRADA: 01/04/2019 e complementario de data 26/04/2019
NORMA/PLAN: Informe sobre a proposta de modificación da relación de postos de traballo do Organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo	
OBXECTO: A proposta de modificación da relación de postos de traballo incide basicamente: 1.- Adáptanse os postos de traballo aos corpos/escalas previstos nas disposicións adicionais oitava e novena da Lei 2/1015, do 29 de abril do emprego público de Galicia. 2.- Engádense a columna correspondente á área funcional na que, no seu caso, se incardina o posto de traballo, segundo a Orde da Consellería de Facenda, do 10 de maio de 2017, pola que se modifica a orde do 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da comunidade autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións para o cubrir (DOG núm.90, do 11 de maio) 3.- Configúrase a forma de provisión de postos por libre designación e concurso específico, segundo o previsto na Resolución do 25 de febreiro de 2016 da Dirección Xeral da Función Pública (DOG núm.44, do 4 de marzo) pola que se ditou instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo, e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motiva a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.	
DATA DE RECEPCIÓN DA MEMORIA FUNCIONAL E ECONÓMICA DA PROPOSTA: 01/04/2019 e complementario de data 26/04/2019	

Amortizacións :

- 1 Arquitecto/a Funcións Facultativas (A1-26)
- 1 Xefatura sección calidade da edificación (A2-25)
- 1 Subalterno/a (AP-10)
- 1 Auxiliar Administrativo/a (Grupo IV, categoría 1)

O importe das amortizacións ascende a 153.470,69 euros, cotas sociais incluídas.

Creacións :

- 1 Arquitecto/a Funcións Facultativas (A1-26)
- 1 Xefatura sección calidade da edificación (A2-25)
- 2 Posto base subgrupo C2 (C2-12)

O importe das creacións ascende a 153.794,51 euros, cotas sociais incluídas.





Modificacións :

- 1 eliminación da observación de ocupado por persoal laboral indefinido non fixo (Grupo IV)
- 1 eliminación da observación de ocupado laboral fixo (C1-18), conta con dotación orzamentaria.
- 1 eliminación da observación de ocupado laboral fixo (Grupo IV)

O importe das modificacións que non contan con dotación orzamentaria, ascende a cantidade de -398,76 euros, cotas sociais incluídas.

Fundamento normativo:

Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se determina a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

Artigo 20 do Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de facenda, modificado polo Decreto 11/2019, do 7 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 30/2017 e na instrución segunda da Circular núm.5, de 1 de febreiro de 1995 da extinta Inspección Xeral de Servizos e da Dirección Xeral de Orzamentos.

INFORME: **Favorable.**

Santiago de Compostela,

O director xeral de Planificación e Orzamentos

Miguel Corgos López-Prado

